

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE RAZA RUBIA GALEGA (ACRUGA) PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE CONSOLIDACIÓN E DIVERSIFICACIÓN XENÉTICA DA RAZA RUBIA GALEGA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014_2020.

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Don José González Vázquez, conselleiro do Medio Rural, nomeado polo Decreto 99/2018, do 26 de setembro, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

César Dorado Pin, con NIF 33792090F, actuando en nome e representación de ACRUGA, na súa condición de Presidente.

Cada un intervéen en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este Convenio.

EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como no desenvolvemento e control das actuacións de apoio á conservación, uso e desenvolvemento sustentable dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia, como se recolle no artigo 18.2. do DECRETO 149/2018, do 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio



Rural e se modifica parcialmente o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia.

Terceiro. A Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA) é a entidade recoñecida polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación para a xestión do libro xenealóxico da raza Rubia Galega e o desenvolvemento do seu Programa de Mellora (BOE 91 de 16 de abril de 2012), e como tal figura incluída no rexistro xeral de asociacións de razas puras.

Entre os fins da asociación están:

- A promoción, expansión e selección do gando vacún da Raza Rubia Galega, na Unión Europea e Países terceiros, velando pola súa pureza.
- A xestión do Libro Xenealóxico, Programas de selección e Controles de Rendementos da raza Rubia Galega.
- O establecemento dos criterios zootécnicos da Raza Rubia Galega: Libro Xenealóxico, Programas de selección, Controles de Rendementos e Calificación de exemplares.
- O desenvolvemento das funcións que lle sexan delegadas polas Administracións públicas, en defensa e promoción da raza.

Cuarto. As accións en materia de conservación de recursos zoonéticos planifícanse consonte as disposicións do Regulamento (CE) nº 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER, artigo 28. Agroambiente e Clima), e xestiónanse de conformidade co Regulamento (UE) 809/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade. Están recollidas na submedida 10.2: conservación de recursos xenéticos na agricultura, do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2019) 1707 final, do 26 de febreiro de 2019.

Os beneficiarios últimos das actuacións financiadas con este convenio son os gandeiros da raza Rubia Gallega, xa que as actuacións a realizar redundan no beneficio da raza e das posibilidades de mellora da mesma.





Quinto. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso exprésase o artigo 36.c, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Sexto. A Rubia Galega é unha raza bovina autóctona de Galicia cuxo patrimonio xenético acumula unha parte imprescindible dos recursos zootécnicos autóctonos da nosa Comunidade Autónoma. A importancia desta raza ven determinada pola súa longa e ampla implantación no agro galego onde contribúe ao sustento de moitas familias así como polo feito de estar moi identificada con esta comunidade. É unha raza adaptada as condicións de produción tradicionais e respectuosas co medio e capaz de responder as exigencias do mercado cun produto de gran calidade.

A pesar de estar catalogada como unha raza autóctona de fomento, a tendencia evolutiva da mesma é cara a recesión, tanto no censo poboacional como no número de ganderías activas segundo os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación-MAPA na aplicación ARCA. A presenza na poboación dun alto grao de consanguinidade como consecuencia da excesiva presión de selección sobre determinados caracteres e a escasa dispoñibilidade de liñas xenéticas diversificadas na poboación, ao que hai que engadir outros factores como a escasa dispersión xeográfica da raza e a incursión e proliferación doutras razas foráneas moi competitivas no seu espazo xeográfico, fai que persista dende hai anos un perigo real de perda da diversidade xenética na raza que diminúe as posibilidades de mellora na mesma, e pode comprometer o seu futuro a medio e longo prazo.

Por estas razóns, a Consellería do Medio Rural iniciou no ano 2013 un programa para a consolidación e diversificación xenética da raza. A estratexia a seguir é manter os traballos na busca de animais que mantendo as características raciais propias da Rubia Gallega aporten variabilidade xenética, así como na procura de liñas pouco empregadas que poidan contribuír a incrementar e diversificar a base xenética da poboación. Entre os novos obxectivos figura a obtención de touros probados mellorantes da raza con baixos niveis de consanguinidade, polo que se considera necesario ampliar os traballos do programa coa realización de valoracións individuais de machos en centros de testaxe e avaliacións de touros sobre descendencia para determinar a súa capacidade de transmisión.



Outro dos aspectos que contempla o programa é a contribución á formación dun stock de embrións coas mesmas consideracións sinaladas anteriormente. Esta colección de embrións contribuirá á constitución do banco de xermoplasma que ACRUGA deberá formar como garantía de mantemento da variabilidade xenética da raza, tal como indican as políticas emprendidas en materia de biodiversidade a nivel mundial.

Por elo, o emprego das tecnoloxías reprodutivas como a transferencia embrionaria-ET, e a fecundación "in vitro"-FIV que xa se veñen desenvolvendo, son un bo complemento aos esforzos de diversificación xenética, porque ademais de adiantar e incrementar a obtención de descendentes facilitan o manexo e o intercambio xenético.

O desenvolvemento deste proxecto, só é posible coa participación de ACRUGA, como única entidade de Galicia que conta coa capacidade, persoal e medios para a realización do mesmo, por canto engloba a totalidade dos gandeiros con animais rexistrados da raza Rubia Gallega. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootenéticos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun Convenio entre a Consellería do Medio Rural e ACRUGA para a realización dun Programa de consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega.

Sétimo. No ano 2016, encadrado na medida 10.21 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, asinouse con ACRUGA un convenio para a realización dun Programa de consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega. A renovación dos compromisos adquiridos supón unha continuidade temporal, imprescindible cando se traballa na conservación das razas autóctonas.

Oitavo. En virtude do anterior, e acreditado que ACRUGA cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ámbalas dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS



Xacobeo 2021



PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións para a realización dun Programa de consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega fomentando o uso comercial destes como elemento clave para a súa conservación por parte da Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA).

A finalidade do convenio se axusta aos fins e obxectivos de ACRUGA, obxectivos compartidos coa consellería do Medio Rural tal como se recolle nos puntos terceiro e segundo da exposición, respectivamente.

SEGUNDA. Obrigas de ACRUGA.

Toda a información relativa ao convenio, o calendario anual de actividades e unha reseña das distintas actuacións e eventos desenvolvidos, estará dispoñible nunha web na que se respectará a publicidade FEADER. Esta publicidade estará dispoñible en todas as actividades de información e comunicación que desenvolva ACRUGA no ámbito do presente convenio.

ACRUGA asume as seguintes obrigas:

1. Destinar entre o persoal propio un técnico con formación en zootecnia que será a persoa responsable da coordinación e supervisión técnica do Programa.
2. Establecer protocolos de actuación que definan as actividades concretas de cara a consecución dos obxectivos do convenio. Estes protocolos serán comunicados á Consellería do Medio Rural.
3. Establecer acordos con ganderías colaboradoras para realizar as actuacións derivadas do convenio: obtención de femias nais doadoras de embrións, aporte de receptoras para implantación dos mesmos, compromisos de recría de determinados animais, utilización de sementais en proba, realización de pesadas e medidas e toma de datos.
4. Constituír un núcleo de femias con alto valor racial e baixos niveis de consanguinidade utilizando os criterios de selección adecuados.
5. Determinar os mellores apareamentos posibles para estes animais, minimizando o grao de consanguinidade da futura cría. Os animais obtidos cunha taxa de consanguinidade superior ao 6 % serán considerados non aptos para o Programa.





6. Empregar e difundir as tecnoloxías reprodutivas (transferencia embrionaria- ET, fecundación “in vitro”- FIV) que permitan optimizar a obtención de descendentes. Para iso ACRUGA deberá asegurar a dispoñibilidade de medios e equipos necesarios para a aplicación de ditas técnicas.
7. Constituír e manter unha colección de embrións co máximo grado de diversidade xenética. Esta colección de embrións contribuirá á constitución do banco de xermoplasma que ACRUGA deberá manter como garantía de mantemento da reserva xenética da raza.
8. Avaliar os animais obtidos froito dos apareamentos realizados en diferentes fases da súa crianza, deixando constancia documental de ditas avaliacións.
9. Destinar a unha estación de testaxe individual aqueles machos que polas súas condicións raciais e baixos niveis de consanguinidade sexan mais sobresaíntes. Estes animais permanecerán un mínimo de 4 meses na estación para avaliar as súas características individuais.
10. Destinar a valoración sobre descendencia os machos que obteñan as mellores valoracións na estación de testaxe individual e se consideren mais adecuados para elo.
11. Inseminar o numero necesario de femias para obter un mínimo de 50 descendentes de cada un dos sementais sinalados no punto anterior.
12. Realizar a categorización dos sementais dispoñibles como: touro en proba, touro probado e touro probado mellorante da raza. Todos eles deberán ter identificado o seu coeficiente de consanguinidade e a liña xenética de procedencia ademais das súas características raciais.
13. Realizar a toma de mostras e analíticas de xenotipado de todos os animais participantes e candidatos do programa, co fin de garantir a súa fiabilidade.
14. Desenvolver actuacións tendentes a controlar a consanguinidade, deriva xenética e perda de variabilidade xenética na poboación de Rubia Gallega, buscando e empregando liñas xenéticas pouco utilizadas.
15. Asesorar e orientar aos gandeiros que participen no programa en cantas cuestións sobre selección, manexo, sanidade e benestar animal sexan da súa competencia.
16. Participar anualmente nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT, por tratarse do principal escaparate do sector a nivel autonómico, coa presenza da raza Rubia Galega e os seus produtos derivados. A participación



incluíra algunhas das seguintes actuacións: presenza de exemplares da raza, organización de concursos morfolóxicos, certames monográficos de carácter profesional, exposicións e degustacións de produtos derivados das razas, etc.

TERCEIRA. Gastos financiáveis

A Consellería do Medio Rural non participa nas actividades nin dos resultados do presente convenio e financiará as actuacións do mesmo, realizadas a partir da data de sinatura do convenio.

Achégase, nos anexos ao texto do convenio, o cadro orzamentario coas actuacións a desenvolver por ACRUGA coa análise dos custos.

ACRUGA poderá contratar con terceiros a execución das actuacións do convenio que non estea capacitado a prestar ata un 100%, para isto estará sometida ás obrigas establecidas nos apartados 3 e 4 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Ademais, estará sometida ao recollido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Así como ao recollido no apartado relativo ás accións de mitigación establecidos co obxecto de minorar os riscos detectados nesta medida recollida no Programa de desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014_2020.

Débese respectar a moderación de custos tal como establece o artigo 48.2.e) do Regulamento de Execución (UE) 809/20014, da Comisión, de 17 de xullo de 2014. Deste xeito, para todos os gastos incluídos na xustificación deberase solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación. As ofertas, que se incluírán entre a documentación xustificativa, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.
- b) Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome o razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados.





Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar a exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No caso de non ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

Excepcionalmente, no caso de conceptos subvencionables que polas súas especiais características non existan no mercado suficiente número de entidades que o subministren, a consecución de ofertas resulte difícil ou dificulte en extremo a xestión, a Comisión de Seguimento poderá establecer xustificadamente valores de referencia para a moderación de custos. No anexo I establécense prezos máximos de referencia para algúns gastos nos que a consecución de ofertas resulta difícil ou dificulta en extremo a xestión.

Non se considerarán subvencionables os gastos nos que non se xustifique a moderación de custos conforme aos criterios e requisitos sinalados neste apartado.

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é financiable polo FEADER, tal e como se recolle no artigo 69.3 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013. No caso de que o IVE poida ser subvencionable, os beneficiarios deberán presentar a xustificación documental de non suxeición ou exención do imposto emitida pola AEAT.

Os investimentos non serán financiados dentro do convenio.

Establécese un máximo do 80% dos gastos de persoal, salvo naqueles casos nos que se acredite unha dedicación exclusiva do traballador ao proxecto.

O convenio subscríbese no marco da Submedida 10.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, sendo a intensidade da axuda do 100% dos gastos subvencionables, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 75%, o 7,5% correspondería ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o 17,50% restante á Xunta de Galicia. O financiamento das actuacións do presente convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios, pero si o podería ser con outros



fondos públicos ou privados achegados para o efecto. En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

CUARTA. Xustificación

Realizaranse un mínimo de catro xustificacións anuais. As datas límites para estas xustificacións serán o 1 de abril, o 1 de xullo, o 1 de outubro e 1 de decembro nos anos 2020 e 2021. No ano 2022, as datas límite para as xustificacións serán, o 1 de marzo, o 1 de xuño, o 1 de agosto e o 30 de setembro.

Con cada xustificación o beneficiario debe achegar:

1. Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, coa relación en detalle das actividades realizadas.
2. Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, na que se indique a porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto cando se xustifiquen gastos de persoal propio.
3. Os xustificantes orixinais dos gastos e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. Deberán reunir os requisitos recollidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
4. Unha memoria económica en formato dixital '.xlsx' (táboa de gastos segundo o esquema do anexo).
5. Unha memoria técnico - económica das actuacións realizadas, na que se identifique a finalidade elixible e contemplada no convenio de cada un dos gastos imputados. Neste documento acreditarase o cumprimento das obrigas de publicidade recollidas na cláusula undécima. O material consecuente das actuacións será incluído ou reproducido neste documento.
6. Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
7. Unha memoria de moderación de custos segundo os criterios establecidos na cláusula terceira. Nesta farase referencia aos orzamentos solicitados identificando as entidades consultadas, a data da oferta e importe da mesma. No caso en que a





oferta elixida non sexa a mais vantaxosa economicamente, a memoria incluírá as motivacións de tal elección.

8. Unha relación de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para esta ou outra finalidade, coa indicación da administración que as convocou e o departamento responsable da xestión das mesmas, durante o ano en curso.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta non superará o 80 % da contía anual adxudicada.

Non obstante, ACRUGA queda eximida de constituír garantías para efectuar estes pagamentos a conta, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio, incluíndo a relativa ao cumprimento dos requisitos de presentación de datos á autoridade de xestión e ao rexistro de realizacións e resultados.

As actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos, con independencia do importe do gasto subvencionable. De acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, no que se establecen disposicións relativas aos controis, os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

Os gastos deberán responder de xeito indubidable á natureza das actividades recollidas no presente convenio, incluídos os gastos de persoal e os medios loxísticos necesarios. De acordo co establecido no Programa de Desenvolvemento Rural, non se financiarán actividades no Programa marco da Comunidade Europea para accións de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e demostración.

Os gastos realizados deberán acreditarse mediante a presentación dos xustificantes orixinais do gasto e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel o



financiamento por parte do FEADER e se o importe se imputa total ou parcialmente ao convenio, indicando neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada polo mesmo.

Ademais, tendo en conta que entre as actuacións do convenio se recollen actuacións executadas con medios propios achegados por ACRUGA, concretamente man de obra propia remunerada, coa xustificación documental dos gastos e pago dos traballos executados cos medios propios, deben achegarse as nóminas correspondentes ao tempo dedicado por cada traballador á execución do traballo, certificando especificamente o emprego da porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto, así como a documentación acreditativa do pago das nóminas, cargas sociais e IRPF.

Si se utilizan medios materiais propios, o beneficiario poderá imputar ao proxecto, a parte proporcional que corresponda dos custos de amortización deses equipos ou materiais durante a vixencia do convenio, custos que deben calcularse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo utilizado.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarase tamén en formato dixital '.pdf'

QUINTA. Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados de ACRUGA que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

SEXTA. Comisión de seguimento

Para avaliar o desenvolvemento do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa seguinte composición e funcións:

1. Composición:

Por parte da Consellería do Medio Rural:

- O subdirector xeral de Gandaría ou persoa en quen delegue.
- O xefe do servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal ou persoa en quen delegue.



Por parte de ACRUGA:

- O representante legal ou persoa en quen delegue.
- Un técnico/ persoal que participe no desenvolvemento das obrigas do convenio.

2. Funcións:

- a) Realizar o seguimento da execución e cumprimento do convenio.
 - b) Propoñer e deseñar medidas e actuacións que redunden no éxito da aplicación do presente convenio.
 - c) Establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación, a supervisión técnica das accións previstas no convenio e os resultados acadados.
3. A comisión de seguimento reunirse, polo menos 1 vez ao ano, con carácter ordinario, co fin de avaliar o desenvolvemento das actuacións levadas a cabo, e, con carácter extraordinario, sempre que o solicite algún dos seus membros.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

SÉTIMA. Informes

ACRUGA elaborará anualmente un informe analítico das actividades realizadas no marco do convenio, informe que presentará antes do día 31 de decembro, e aqueles informes que a Consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo. No último ano da duración do convenio, o informe incluírá unha análise do cumprimento das obrigas asumidas coa sinatura do presente convenio.

De conformidade ao establecido no artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, o beneficiario proporcionará á Autoridade de xestión, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do programa.

Así mesmo o beneficiario ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.





OITAVA. Plan de controis

A execución das actividades realizadas por ACRUGA, obxecto do convenio, está suxeita ao plan de controis establecido, de acordo coas disposicións regulamentarias prescritas para os controis de fondos cofinanciados polo FEADER no Regulamento de Execución (UE) 809/2014 da Comisión, de 17 de xullo de 2014, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, e no Regulamento de Execución (UE) 2017/1242 da Comisión, de 10 de xullo de 2017, que modifica o Regulamento de Execución (UE) 809/2014 da Comisión. Os controis inclúen:

1. Un control administrativo de todas as solicitudes de pago e outras declaracións ou das operacións derivadas dos plans específicos que desenvolvan. Estes controis aplicaranse sobre todos os elementos de admisibilidade que sexa posible controlar por vía administrativa. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancias.

2. O número total de controis sobre o terreo de solicitudes de pago presentadas durante o ano natural representará polo menos o 5% do gasto financiado polo FEADER que aboa o organismo pagador cada ano natural sobre o total da submedida.

ACRUGA comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, do Consello de Contas, dos órganos comunitarios de inspección e do Servizo de Auditoría Interna do FOGGA.

Ademais, conforme o disposto no artigo 66.1 c) do Regulamento 1305/2013, a entidade levará un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do convenio e que son financiadas con fondos FEADER.

Para unha correcta aplicación do recollido nesta cláusula atenderase ao disposto nas Circulares de coordinación ditadas polo Fondo Español de Garantía Agraria relativas á aplicación de reducións, sancións e exclusións, así como ao control das medidas de desenvolvemento rural non establecidas no sistema integrado do período 2014_2020.



NOVENA. Incompatibilidade

A percepción dunha achega en base a este convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios, pero si é compatible con calquera outra que poida obterse doutras administracións ou entes públicos para a mesma finalidade. En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

DÉCIMA. Retirada parcial ou total e obriga de reintegro.

Se o importe da solicitude de pago supera o importe dos custos que se consideren admisibles durante os controis administrativos en máis dun 10%, aplicarase unha sanción administrativa ao importe dos custos admisibles. O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.

A entidade perceptora dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Conforme ao disposto no Artigo 7 do Regulamento (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo, polo que se establecen disposicións de aplicación do regulamento (UE) 1306/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no que se refire ao sistema integrado de xestión e control, as medidas de desenvolvemento rural e a condicionalidade, no caso de pago indebido, o beneficiario quedará obrigado a reintegrar o importe en cuestión, ao que se engadirán de ser o caso, os intereses calculados en función do tempo transcorrido entre a finalización do prazo de pago para o beneficiario indicado na orde de recuperación, que non poderá fixarse en máis de 60 días, e a data de reembolso ou dedución.

O tipo de xuro aplicable calcularase de acordo co Dereito nacional, pero non poderá ser inferior ao tipo de xuro aplicable á recuperación de importes en virtude das disposicións nacionais.



UNDÉCIMA. Propiedade intelectual e publicidade

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá a ACRUGA.

ACRUGA poderá publicar datos e resultados parciais ou finais obxecto do presente convenio sen ningunha limitación. En calquera caso, a difusión de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.

Nos documentos e carteis executados en desenvolvemento do presente Convenio, faranse constar os símbolos de identidade corporativa das entidades intervenientes consonte co disposto no Decreto 409/2009, do 5 de novembro, polo que se aproba o uso dos elementos básicos da identidade corporativa da Xunta de Galicia.

Así mesmo, os beneficiarios deberán atender ao disposto no Anexo III do Regulamento de Execución (UE) 808/2014, da Comisión, do 17 de xullo de 2014, modificado polo Regulamento de execución (UE) 2016/669 da Comisión do 28 de abril de 2016, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Feader, concretamente ao recollido na PARTE 1. Punto 2. Responsabilidades dos beneficiarios, e na PARTE 2: Características técnicas das actividades de información e publicidade. Concretamente as indicacións recollidas no documento 'Estratexia de información e publicidade PDR 2014-2020 de Galicia'

DUODÉCIMA. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, as actuacións que poidan prexudicar a consecución dos obxectivos da submedida e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO TERCEIRA. Autorizacións

ACRUGA autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da



Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

De acordo co Artigo 71 do Regulamento (UE) 1305/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, os beneficiarios de axudas no marco das medidas de desenvolvemento rural autorizarán expresamente ao órgano xestor para que este poida consultar toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do programa, en particular en relación co cumprimento de determinados obxectivos e prioridades.

DÉCIMO CUARTA. Publicidade

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

DÉCIMO QUINTA. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



DÉCIMO SEXTA. Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexeráse polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, así como o disposto nos Regulamentos (UE) 808/2014, modificado polo Regulamento de execución (UE) 2016/669 da Comisión do 28 de abril de 2016, e 809/2014 da Comisión, polos que se establecen as disposicións de aplicación dos Regulamentos (UE) 1305/2013 e (UE) 1306/2013, do Parlamento Europeo e do Consello.

A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia do convenio e financiamento

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura, que en ningún caso será anterior ao 1 de xaneiro de 2020, e producirá efectos dende esa data ata o 31 de decembro do 2022.

Asínase para o período 2020-2022, coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 190.000 € para o ano 2020, dos que 11.000 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.
- 190.000 € para o ano 2021, dos que 11.000 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.
- 190.000 € para o ano 2022, dos que 11.000 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.

Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 14.04.713C.781.1 do código proxecto 2016 00191.

O convenio está cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 75%, o 7,5% correspondería ao Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación e o 17,50% restante á Xunta de Galicia.

Respecto da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada



polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020.

DÉCIMO OITAVA. Programa, medida e prioridade.

As accións recollidas no presente convenio se subvencionan en virtude da Medida 10 Agroambiente e Clima, Submedida 10.2. Conservación de recursos xenéticos na agricultura, prioridade 4: “Restaurar, preservar e mellorar os ecosistemas relacionados coa agricultura e a silvicultura” do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014_2020, cofinanciado polo FEADER.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado o presente Convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

Pola Consellería do Medio Rural

Por ACRUGA

O conselleiro do Medio Rural

O presidente de ACRUGA

José González Vázquez

César Dorado Pin



ANEXO I MECANISMOS DE MODERACIÓN DE CUSTOS

Tal e como se establece na Cláusula Cuarta, as actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos:

De acordo co establecido no artigo 48 do Regulamento de execución (UE) 809/2014 da Comisión, do 17 de xullo de 2014, no que se establecen disposicións relativas aos controis, os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

O control de custos avaliarase mediante a comparativa de tres ofertas diferentes, as cales procederán en todos os casos de provedores acreditados e independentes. As ofertas serán detalladas e incluírán os mesmos elementos para facilitar a súa comparación. Consideraranse aquelas que ofrezan a mellor relación de calidade do servizo ou material, en relación co prezo das mesmas. No caso de non escoller a proposta económica máis vantaxosa deberán xustificarse expresamente nunha memoria as motivacións desta elección.

No caso en que non existan no mercado provedores suficientes para cumprir co establecido no parágrafo anterior, esta circunstancia xustificárase expresamente na memoria de moderación de custos.

PREZOS MÁXIMOS DE REFERENCIA:

Gastos de desprazamento. Presentarase un cadro de desprazamentos coa indicación do número de km, o lugar de orixe e de destino, vehículo empregado e a finalidade do desprazamento. Deberán xustificarse mediante a presentación das correspondentes facturas e xustificantes de pago. Límite de 0,25 euros/km (informe Captio 2015) para vehículos lixeiros e 1,437 euros/km (cálculo do Ministerio de Fomento para o 2015) para os pesados.

Coidadores de gando en eventos. O custo máximo de referencia serán 10,82 €/hora, sen IVE, cun tope de 10 horas diarias e un coidador/evento. A persoa encargada da vixilancia e coidado dos animais estará en posesión do certificado de formación correspondente.

Custos indirectos. A media de dedicación do persoal da entidade ao convenio marcará a porcentaxe de elixibilidade destes gastos. En ningún caso superará o 15% do gasto imputado en concepto de gastos de persoal na execución do proxecto.

Xenotipado. O custo máximo por análise será 15 €, sen IVE.



Superovulación. 300 € por doadora de embrións sometidas a superovulación co compromiso da cesión de 8 embrións a ACRUGA. (En concepto de riscos de trastornos hormonais e consecuentemente desarranxos nos ciclos reprodutivos, podendo chegar mesmo ate casos de infertilidade. Existe así mesmo perda do período reprodutivo polas actuacións necesarias, e hai que contabilizar o prezo de mercado dos 8 embrións que o gandeiro ten que ceder a ACRUGA. Polo que se estima un valor unitario de 300 € por actuación de superovulación ao que se somete unha femia).

Receptora de embrión. 80 € pola utilización dunha femia como receptora de embrións. (En concepto de: 1- Perda de días abertos, xa que para garantir a utilidade como reprodutora é necesario agardar un período de espera máis longo tras o parto, ademais existe a posibilidade de atrasos no ciclo reprodutivo da receptora. 2- Traballos polo manexo específico que é necesario proporcionar á receptora, tal como atención ao animal para a súa sincronización, aporte de suplementos alimenticios. Valórase en 20 € pola perda de días abertos tras o parto, 20 € pola suplementación alimenticia necesaria, 20 € polo manexo específico da receptora, e 20 € polo risco de perda dunha xestación.)

Nos casos nos que a implantación do embrión resulte nunha xestación e o nacemento dun animal vivo, suplementarase a cantidade anterior en 40 € polas atencións especiais no parto e coidado da cría.

Recollida de información. 80 € pola obtención do nacemento e aporte de información dun animal procedentes da realización de apareamentos dirixidos cun touro catalogado por ACRUGA como en proba de descendencia coas condicións especificadas por esta. (En concepto de perda de oportunidade, risco de parto difícil, posibilidade de perda de crías, asistencia ao parto, e recollida de información da cría nada: tamaño, peso, conformación e dificultade de parto).

PERSOAL :

O custo do persoal será o recollido nos distintos contratos de traballo en base á categoría profesional do empregado e na porcentaxe en que este se dedique á execución das obrigas recollidas no presente convenio.

AMORTIZACIÓNS:

Calcularanse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo empregado.



ANEXO II CADRO DE PREVISIÓN DE ACTUACIÓNS E CUSTOS ANUAIS

Os importes por concepto e tipo de gasto reflectidos no cadro corresponden a cálculos estimados durante cada un dos tres anos de vixencia do convenio, que poderán ser obxecto de variacións no momento da xustificación das actuacións, en función das actividades desenvolvidas e os obxectivos acadados.

CONCEPTO	ACTUACIÓNS	IMPORTE
PERSOAL	Persoal propio da entidade asignado á realización de traballos do convenio.	95.000,00 €
CUSTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DAS OBRIGAS	- Doadoras de embrións - Constitución banco embrións - Obtención de animais nados de embrións - Obtención de descendentes nados do apareamentos con sementais en fase de valoración sobre descendencia - Gastos en servizos de transferencia embrionaria - Gastos en alimentación animais valoración individual - Material non inventariable - Material inventariable - Programas informáticos e webs - Actividades de divulgación - Gastos varios	70.000,00 €
XENOTIPADO	Análises laboratoriais	14.000,00 €
PROMOCIÓN NA SEMANA VERDE DE GALICIA	Actuacións de promoción das razas e dos produtos derivados das mesmas na Feira Internacional Semana Verde de Galicia e no SALIMAT	11.000,00 €
TOTAL		190.000,00 €



ANEXO III MEMORIA ECONÓMICA

De acordo co establecido na Cláusula Cuarta, toda xustificación virá acompañada dunha memoria económica en formato dixital que incluírá como mínimo os seguintes campos:

PROVEDOR NOME

PROVEDOR NIF

CONCEPTO

DATA FACTURA

Nº FACTURA

BASE IMPOÑIBLE /SALARIO LÍQUIDO A PERCIBIR

IVE/SS EMPRESA

SS TRABALLADOR

IRPF

FACTURA/NÓMINA (OUTROS CONCEPTOS)

TOTAL FACTURA/ CUSTO TRABALLADOR

DATA PAGO

PORCENTAXE IMPUTADA

TOTAL IMPUTADO

